

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO NA LOITA CONTRA A FRAUDE E A CORRUPCIÓN

No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así como na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, a Mancomunidade Ría de Arousa Zona Norte manifesta publicamente o seu compromiso ao máis alto nivel posible no estrito cumprimento das normas xurídicas e de carácter ético, así como a súa total adhesión aos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de modo que a súa actividade oposta á fraude e á corrupción sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con esta Administración.

As persoas que exercen cargos representativos na Corporación, así como todo o persoal ao servizo da Corporación, teñen o compromiso de velar sempre polos intereses xerais, con suxeición á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, actuando en todo momento de acordo con os seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción da contorna cultural e ambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.

Coa presente declaración preténdese promover dentro da organización unha cultura ética que non dea lugar a condutas ou actividades fraudulentas e que faga máis sinxela a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos casos que se detecten.

Para conseguir o obxectivo exposto, a Comisión xestora aprobará un Plan antifraude da Mancomunidade Ría de Arousa Zona Norte e, unha vez publicado o mesmo no Boletín Oficial da Provincia, a súa aplicación, pleno coñecemento e divulgación, asentarase sobre estes tres piares:

- A creación e funcionamento do Comité antifraude da Mancomunidade Ría de Arousa Zona Norte, órgano específico para a xestión e análise das medidas adoptadas, así como para o asesoramento e impulso das accións de corrección e mesmo persecución dos casos que se detecten. Este órgano actuará con plena independencia e só dará contas da súa xestión á Comisión xestora da Entidade.
- A asistencia a cursos de formación e a divulgación do contido deste Plan e das súas medidas. Para que estes cursos produzan o seu efecto, todas as persoas que exercen cargos representativos ou teñen a condición de persoal ao servizo da Corporación quedan comprometidas, por esta declaración, a asistir a unha sesión formativa.

En resumo: a Mancomunidad Ría de Arousa Zona Norte e as persoas que exercen cargos representativos ou prestan servizos para a mesma quedan comprometidos cos principios expostos e asumen a obrigaón de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.